

Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos (TRAVEGA) para a utilización de vehículos fóra de uso nas prácticas do alumnado de formación profesional da familia de Transporte e Mantemento de Vehículos

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2025

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

Dona Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia.

Ambos interveñen en virtude das facultades atribuídas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

E don Germán Catoira Lamela presidente da Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos (TRAVEGA), segundo consta na acta nº 47 da asemblea ordinaria da Asociación celebrada en Santiago de Compostela o 7 de novembro de 2013.

EXPOÑEN

1. Que o sete de xuño de dous mil vinte e un asinouse un Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, actualmente Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, respectivamente, de acordo co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se

establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e a Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos (TRAVEGA) para facilitar unha solución aos centros de formación profesional da Xunta de Galicia para a utilización de vehículos fóra de uso nas prácticas do alumnado de formación profesional da familia de Transporte e Mantemento de Vehículos.

2. Que a cláusula sétima do referido convenio relativa á vixencia do mesmo establece que: O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

3. Que, as partes están de acordo en ampliar a vixencia do convenio mediante a sinatura desta addenda que se rexerá pola seguinte

CLÁUSULA

Única. A través desta addenda prorrógase a vixencia do convenio durante catro anos máis; sen prexuízo de que o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á finalización prevista para o convenio.

E en proba de conformidade co exposto, as partes asinan esta addenda na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

Ángeles Vázquez Mejuto

O presidente da Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos

Germán Catoira Lamela